





OS CARROS

Os labregos utilizaban o carro para o **transporte de patacas, mollos de trigo, millo, mulime, palla, herba, etc.** Os **arrieiros** son os que van con carros tirados por **mulas**, e os **carreiros** os que van con carros tirados por **bois**.



Partes do carro

a) pértega. b) barras. c) piso ou táboas. d) caravillón ou chavellón. e) chavellas. f) furas dos fueiros. g) furas das treitoiras. h) argola de ferro. i) eixe. l) fueiros. ll) cadeixo. m) labatois. n) treitoiras. o) apinadoiros ou cuñas das treitoiras. p) breois. q) breois pataqueiros. r) talanqueira.



Roda tradicional


a) cabeza do eixo, espiga ou pibida. b) cegas ou cuñas. c) moreal ou folga. d) molo. e) cintas do molo. f) camba. g) gardamonte. h) baldón ou rodal. i) espetas. l) medialúa

O renxer do carro

Nalgúns lugares de Galicia existiron concursos do **renxer** dos carros, consistían en facer andalos para velo número de sons distintos que daba un mesmo carro, ou da finura ou grosor do seu son.

En moitas ocasións o renxer era tal que **se sentían a moitísima distancia**. En ocasións resultaba incluso molesto, pero a solución a isto era untalo eixo con touciño rancio.

Moitas veces **o renxer era xa buscado**, pois os camiños naqueles tempos eran moi estreitos e facíanse entradas cada tantos metros para que cando un carreiro ía para aló e outro para acá, **sentían o renxer dos seus carros ao lonxe e poñíanse en alerta**, así o primeiro que chegaba a esa entrada ou aparcadoiro esperaba alí co seu carro para deixar paso e logo proseguía viaxe.



Xugo

a) camelos. b) tirabois. c) cabeza

O seu peso, grandor, rodas, etc., **depende do terreo por onde teña que andar**.

Segundo os vellos carpinteiros, facer un bo carro levaba **máis de oito días**.